



DEPARTAMENTO DE CANTO
ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: CONCERTACIÓN

Esta materia comprende o estudo e a interpretación do repertorio concertante de ópera, oratorio e outros xéneros líricos. Profunda nas capacidades relacionadas coa comprensión e resposta ás indicacións dun director, a integración e un conxunto vocal e a súa relación co grupo instrumental acompañante. Está articulada en catro cursos.

CURSO 1º:

Neste curso prepararanse fragmentos de conxunto correspondentes a oratorios, óperas e outros xéneros líricos. De entre estes números, polo menos dous deberán ser en italiano e dous en alemán.

CURSO 2º:

Neste curso prepararanse obras completas de oratorio, óperas ou outros xéneros líricos. En substitución de obras completas, o alumno poderá preparar como mínimo catro fragmentos de música sacra e catro fragmentos de ópera ou outros xéneros líricos. De entre estes números, polo menos dous deberán ser en italiano, dous en alemán e un en latín.

CURSO 3º:

Neste curso o alumno preparará dúas obras de música sacra completas, dúas óperas completas e unha zarzuela (sempre nos referimos aos números de conxunto: dúos, tercetos, cuartetos...) Polo menos unha das obras será en francés.

CURSO 4º:

Neste curso o alumno preparará os números de conxunto: dúos, tercetos, cuartetos... Correspondentes a: dous óperas completas, dúas zarzuelas e un mínimo de dous fragmentos de música sacra ou outro xénero lírico. Polo menos unha das obras será en inglés.



DEPARTAMENTO DE CANTO
ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: CONCERTACIÓN

OBXECTIVOS:

- Diferenciar os estilos das diferentes épocas e autores
- Profundar en todos os aspectos técnicos e estilísticos
- Desenvolver unha capacidade interpretativa camerística
- Integrarse como membro dun conxunto nas diferentes tensións do desenvolvemento expresivo musical
- Concienciarse da importancia da asistencia regular a clase polo ben do traballo do conxunto

CONTIDOS:

- Tratamento vocal diferente en función do estilo e o autor
- Exercicios de articulación, fraseo e afinación
- Traballo das posibilidades expresivas e creativas en relación coa interpretación musical
- Interpretación dos números de conxunto atendendo aos diferentes planos sonoros, así como ás dinámicas requiridas polo autor ou no seu caso polo director
- O individuo como parte dun todo na interpretación musical

RECURSOS DIDÁCTICOS E MATERIAIS:

- Aula de acordo ás necesidades da materia. Equipo de música, televisión e vídeo, e piano.
- Arquivo de partituras de canto e libros didácticos.
- Dicionarios de fonética.

TEMPORALIZACIÓN:

O horario consta de 1 hora e media semanal, impartida nunha única clase

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

A asistencia a clase de escena lírica, é unha condición indispensable para poder participar de forma activa e interrelacionarse cos compañeiros de aula así como para poder profundar na recreación dunha parte vocal e a súa relación co resto. Farase, polo tanto, unha avaliación continua.



DEPARTAMENTO DE CANTO
ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: CONCERTACIÓN

Os criterios de avaliación serán os seguintes:

- Executar as obras sempre atendendo ao estilo da época e ao autor
- Demostrar sensibilidade auditiva coa afinación no uso das posibilidades sonoras do instrumento
- A interpretación de forma expresiva e imaxinativa
- Demostrar ter unha cantidade de recursos suficientes como para adaptarse ás indicacións do director
- Demostrar ter a capacidade de asumir a parte individual dentro do conxunto.

Sistema de cualificación.

Valorarase o progreso individual de cada alumno, tomando como referencia a súa situación inicial e o traballo semanal desenvolvido.

Os aspectos a avaliar serán:

- Asistencia a clase.
- Participación activa durante o desenvolvemento das sesións: grado de interese, colaboración e capacidade de improvisación.
- Progresión nos diversos exercicios de clase.
- Integración activa no traballo colectivo.
- Adquisicións dos conceptos teóricos.

En liñas xerais, o sistema de cualificación será o seguinte:

- O 30% da nota corresponderá á mellora no rendemento e consecución dos obxectivos preestablecidos.
- Un 10% da nota, á parte teórica da materia.
- Un 40% á participación individual, é dicir, á actitude positiva, afán de superación, grao de colaboración, adquisición de hábitos vocais saudables, etc.
- O 20% restante, á asistencia a clase.

Avaliación dos alumnos que pola falta de asistencia ás clases perdan o dereito á avaliación continua segundo rexe o RRI.

Aqueles alumnos que perdan o dereito a avaliación continua, poderán realizar unha avaliación final no mes de xuño, seguindo os criterios expostos máis arriba. Deberán así mesmo aportar un reparto completo da montaxe ou montaxes realizadas durante o curso, así como demostrar un coñecemento das particularidades dos mesmos.



DEPARTAMENTO DE CANTO
ESPECIALIDADE CANTO

MATERIA: CONCERTACIÓN

Exame de setembro.

Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de xuño, serán avaliados mediante un exame de carácter teórico-práctico sobre os contidos da programación e seguindo os criterios da avaliación, expostos neste epígrafe, e mediante os instrumentos que se describen na presente programación. Ademais dunha posible proba oral, se o profesor considérase conveniente, na que o alumno deberá expoñer e analizar as obras estudadas e o seu contextocontinua estilístico musical

Instrumentos de avaliación.

- A avaliación dos contidos prácticos da materia farase mediante a observación do alumno na execución dos exercicios practicados nas clases, tendo en conta a súa evolución amosada ó longo do curso, ou ben dos exercicios executados nas pertinentes probas explicadas máis arriba para os casos de perda de avaliación continua e os exames de setembro.
- A avaliación da asimilación dos conceptos teóricos farase mediante a realización dunha proba oral.
- El alumno que decida examinarse en Setembro, deberá aportar el resto de interpretes requiridos para a obra ou obras de concertación.

A avaliación farase mediante a seguintes actividades:

- A. Interpretar a obra ou obras requiridas.
- B. Expoñer o traballo oral sobre as obras traballadas durante o curso, no que o alumno deberá analizar as obras estudadas e o seu contexto estilístico musical e contestar ás preguntas relacionadas co mesmo que o profesor ou profesores consideren oportuno.